

PROGRAMA LEADER: PROXECTOS FINANCIADOS

Cabañitas de Vila sen Vento (O Pino)

Ampliación de prazas de aloxamento nun complexo de turismo rural no concello de O Pino. O proxecto inclúe a construción de catro cabanas de madeira integradas na paisaxe, de xeito que o impacto visual das novas construcións será mínimo e a sensación de aloxarse na natureza, plena. Pon en marcha ademais outros atractivos complementarios: un parque infantil e ecoparque. Os investimentos correspóndense coa construción e adquisición de equipamento necesarios para o desenvolvemento da actividade.

Proxecto finalizado en outubro de 2019


E. Promotora: Suavepa SL

Investimento aceptado: 305.238,62 €

Axuda: 96.714,86 € (31,69%)

Consolidación de 1,35 empregos e creación de 3

Executado nun 49% no 2018 e nun 51% no 2019



Pensión de dúas estrelas en Sobrado (Sobrado)

Posta en marcha dunha pensión de dúas estrelas no núcleo urbano de Sobrado dos Monxes, ó pé do Camiño Norte e do Mosteiro de Santa María. A pensión proxectada contará con 28 prazas de aloxamento para peregrinos e turistas. Ofertarase, ademais, o servizo de restauración para hóspedes e clientela externa; así como un servizo de aluguer de bicicletas. Os investimentos incluídos fan referencia a: obra civil, así como a adquisición e instalación do equipamento e mobiliario necesarios para a iniciativa.

Proxecto finalizado en outubro do 2019

E. Promotora: Vía Sacra SL


Investimento aceptado: 534.230,00 €

Axuda: 200.000,00 € (37,44%*)

Creación de 3 empregos

Executado nun 49% no 2018 e nun 51% no 2019





Rehabilitación de edificación antiga para pensión de dúas estrelas orientada ó peregrino (Sobrado)

Posta en marcha dunha pensión con 24 prazas en Madelos, no concello de Sobrado, destinada a peregrinos no Camiño do Norte. O proxecto consiste na rehabilitación dunha antiga casa familiar, situada nunha finca de castiñeiros onde o promotor, Alejandro Sánchez, tamén está a desenvolver unha actividade de produción de shiitake en tronco. Ambas actividades se complementarán para ofertar a peregrinos e visitantes, ademais de aloxamento e un entorno natural incomparable, a posibilidade de gozar de outros servizos e experiencias relacionadas coa actividade agrícola da empresa.

Proxecto finalizado en outubro do 2019


E. Promotora: Sabalogal SL

Investimento aceptado: 489.687,47 €

Axuda: 198.617,24 € (40,56%)

Creación de un emprego

Executado nun 37% no 2018 e nun 63% no 2019



Nave para Ampliación de empresa de construción (Melide)

Construción de nave industrial para a ampliación da actividade da empresa melidá Construcciones M. Espiño SL. Esta empresa, cunha longa traxectoria empresarial e unha ampla experiencia en obra tanto pública como privada, pon en marcha con este proxecto a súa propia sede no polígono industrial da Madanela. No edificio, no que se implementarán medidas de eficiencia enerxética e de reutilización de augas, funcionará como sede do seu persoal, da súa actividade administrativa, así como de posta a punto e almacenaxe de maquinaria e equipamento.

Proxecto con prazo de execución ata outubro de 2020


E. Promotora: Construcciones M. Espiño SL

Investimento aceptado: 390.508,01 €

Axuda: 86.302,27 € (22,10%)

Creación de un emprego

Solicitado un anticipo do 50% no 2019



Máquinas de cardio (O Pino)

Adquisición de diverso equipamento deportivo (cintas de correr, elípticas, bicicletas estáticas, remo, etc.) para a implementación no pavillón deportivo municipal dunha área de ximnasio no que a poboación do concello, en actividades individuais ou dirixidas, poidan facer uso delas, favorecendo a posibilidade de realizar actividades deportivas que redunden nunha mellor calidade de vida.


Proxecto finalizado en novembro de 2019

E. Promotora: Concello de O Pino

Investimento aceptado: 55.573,99€

Axuda: 23.050,80 € (60,66%)

Executado nun 100% no 2019



Maquinaria para limpeza de gran (Vilasantar)

Adquisición de maquinaria para a mellora do proceso produtivo da empresa promotora GSV Agro SL, localizada en Présaras, no concello de Vilasantar. A empresa dedícase á moenda e fabricación de fariñas e penso, así como á súa posterior comercialización, xunto con outra ampla gama de produtos para o agro, os cales venden tanto nas instalacións da empresa como a domicilio, para o cal contan cunha importante flota de vehículos industriais. Coa adquisición do equipo obxecto da axuda mellórase a calidade do produto obtido, conseguindo unha limpeza máxima no gran para despois moelo, o que redunda, tamén, nunha mellora da eficiencia do proceso. Aínda que a axuda que lle corresponde se divide en dúas anualidades, 2019 e 2020, a entidade promotora xa executou a totalidade da adquisición do equipo neste ano.

Proxecto finalizado en outubro de 2019


E. Promotora: GSV Agro SL

Investimento aceptado: 56.697,30€

Axuda: 18.568,37 € (32,75%)

Creación de un emprego

Executado nun 100% no 2019



Adquisición de retrocargadora (Toques)

O proxecto inclúe como investimento a adquisición dunha retrocargadora. Con este equipo, o promotor, José Luís García Porto, poderá prestar un novo servizo que ata agora se vía obrigado a subcontratar por carecer da maquinaria, a extracción de áridos. O investimento supónlle, polo tanto, unha minoración nos custes de prestación do servizo e un incremento na rendibilidade económica da actividade que realiza desde fai máis de vinte anos, a consolidación de terreos. Aínda que a execución do 2019 se xustificou con base nun anticipo, no momento de redacción desta memoria de actividades o promotor xa adquiriu o equipo e xustificou o 100% do investimento.


Proxecto con prazo de execución ata outubro de 2020

Promotor: José Luís García Porto

Investimento aceptado: 95.000,00€

Axuda: 21.669,50€ (22,81%)

Solicitado un anticipo do 50% no 2019




Rehabilitación de edificación para pensión rural e cafetería en Medín (O Pino)

Iniciativa na que se rehabilitan os anexos dunha casa vella e abandonada para crear unha pequena pensión e un restaurante-cafetería ó pé do Camiño Norte, no lugar de Couto Pequeno, en O Pino. En total crearanse dez prazas de aloxamento en cinco habitacións dobres. Este proxecto está promovido por Lucía García e a súa parella, o seu obxectivo é emprender unha actividade económica aproveitando o recurso do Camiño de Santiago. Exclúese do orzamento subvencionable a parte correspondente ó bar/cafetería, non financiable a través do Leader.

Prazo de execución ata outubro de 2020

E. Promotora: DGranxa Servizos Técnicos SL
 Investimento aceptado: 401.305,88€
 (77,75% s/total)
 Axuda: 142.824,76€ (35,59%)
 Creación dun emprego executado un 30%




Ampliación da área recreativa O Liño (Santiso)

Trátase dun proxecto promovido polo Concello de Santiso destinado á mellora da área recreativa do Liño, no río Ulla, ó seu paso por Santiso. A mellora contempla a ampliación da superficie útil da área recreativa coa adquisición dunha parcela anexa, a humanización e adecuación a novos usos como un parque infantil, unha zona deportiva e unha área de autocaravanas. Ademais, dotarase de máis espazo útil para a festa do río e para aparcadoiro.

Prazo de execución ata outubro de 2020

E. Promotora: Concello de Santiso
 Investimento aceptado: 126.749,86€
 Axuda: 98.712,79€ (77,88%)
 Xustificado nun 54% no 2019




Optimización de instalacións da residencia e centro de día de Boimorto (Boimorto)

Iniciativa de carácter non produtivo, promovida polo Concello de Boimorto, para mellorar a eficiencia enerxética do edificio destinado a residencia de persoas maiores e centro de día do concello. Coa posta en marcha dos investimentos recollidos redúcese o gasto enerxético relativo á calefacción das instalacións. Para conseguir este aforro recórrase á instalación de enerxías renovables, xerando, polo tanto, unha mellora tamén ambiental.

Prazo de execución ata outubro de 2020

E. Promotora: Concello de Boimorto
Investimento aceptado: 114.226,68€
Axuda: 102.804,01€ (90,00%)
Solicitado un anticipo do 31% no 2019





Ampliación de campamento de turismo (Touro)

Instalación e explotación de tres cabanas de madeira para aloxamento, nun campamento de turismo de luxo en Touro preto do río Ulla. Ademais das tres cabanas tamén se inclúe a construción dunha piscina natural e dun “hide” para a observación nocturna de fauna. O campamento vai contar cun espazo de comercialización de produtos agroalimentarios locais e ecolóxicos no edificio que existe de servizos xerais (recepción, baños, cafetería). Actualmente o campamento ten en funcionamento oito parcelas para tendas de campaña (con auga, electricidade, etc.) e un espazo para autocaravanas, o proxecto ven a incrementar e complementar a oferta de servizos nun enclave natural inigualable: unha finca de catro hectáreas aproximadamente con numerosa masa forestal (carballos, bidueiros, frondosas, piñeiros, etc.), o que redonda nunha experiencia completa de tranquilidade e de inmersión na natureza para as persoas usuarias.

Prazo de execución ata outubro de 2020

E. Promotora: Fontes de Mane SL
 Investimento aceptado: 82.025,00€
 Axuda: 28.027,94 (34,17%)
 Executado nun 40% no 2019



Aprendo xogando (Touro)

Posta en marcha dun novo espazo de xogo para os máis cativos do concello de Touro, promovido polo Concello, co obxectivo de fomentar a súa socialización. Este espazo dotarase dunha área lúdica con material interactivo e educativo xa sexa para o xogo libre ou tutorizado. A área lúdica localízase nunha zona na que xa existía un pequeno parque (columpio e tobogán) xa non funcionais, que se ve substituído por un conxunto de xogos educativos que amplía e mellora a oferta lúdica ó tempo que mellora as condicións de seguridade e confort dos usuarios e usuarias de acordo ás esixencias actuais.

Prazo de execución ata outubro de 2020

E. Promotora: Concello de Touro

Investimento aceptado: 39.431,37€

Axuda: 30.062,48€ (76,24%)

Solicitado un anticipo do 31% no 2019

